



Galicia

## UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A SAÍR Á RÚA ESTE PRIMEIRO DE MAIO PARA DEMANDAR EMPREGO ESTABLE, SALARIOS XUSTOS, PENSÍONS DIGNAS E MÁIS PROTECCIÓN SOCIAL

**Redacción.-** UGT-Galicia fai un chamamento á cidadanía galega a participar nos actos e mobilizacións convocados para este Primeiro de Maio nos que se demandará emprego estable, salarios xustos, pensións dignas e máis protección social.

José Antonio Gómez Gómez e Xosé Manuel Sánchez Aguión, os secretarios xerais de UGT e CCOO en Galicia, presentaron este mércores en Santiago en rolda de prensa este Primeiro de maio e fixeron fincapé en que xa non hai excusas, cando día tras día escoitamos mensaxes triunfalistas da marcha da economía, en contrapartida vemos como a maioría da cidadanía esta sendo unha mera espectadora desta mello-ría. Incidiron en que ambos sindicatos esixen que sexa unha protagonista máis da mesma.

### A tímida mellora está ensombrecida

Constataron que a tímida mellora da situación do emprego está ensombrecida por máis e máis precariedade; aqueles que teñen un posto de traballo están a ver día tras día diminuídos os seus ingresos, ter un traballo xa non garante ter unha vida digna; ingresos que tamén ven diminuídos os pensionistas deste país que nos peores momentos da crise foron un dos principais baluartes para sustentar a moitas familias; e aqueles que continúan en situación de desemprego, moitos aínda, ven como resulta cada vez máis difícil acceder aos instrumentos de protección social habilitados e cando o fan as contías son cada vez menores.

É preciso que os traballadores poidan vivir dignamente co que perciben polo seu traballo e que aqueles que non teñen un posto de traballo poidan acceder a un en condicións



**1 DE MAIO 2017, Actos e manifestacións**

LOCALIDADE	DÍA	HORA	ACTO
A CORUÑA	27 Abril		Entrega dos premios 1º de Maio
	1 Maio	10:00	Ofrenda floral no Cemiterio Civil de A Coruña. Conxunta con CCOO
		11:00	Ofrenda floral na Praza Pablo Iglesias
VIGO	1 Maio	11:30	<b>Manifestación.</b> Saída do cruzamento de Vía Norte a Urzaiz ata o Edificio da Xunta de Galicia (Arenal)
		10:00	Ofrenda floral diante da estatua de Pablo Iglesias
OURENSE	1 Maio	12:00	<b>Manifestación.</b> Saída de o Pavillón Os Remedios ata a Subdelegación do Goberno
		11:00	Ofrenda floral na Praza Pablo Iglesias
SANTIAGO	1 Maio	12:00	<b>Manifestación.</b> Saída de a Alameda ata a praza das Platerías
PONTEVEDRA	1 Maio	12:00	<b>Manifestación.</b> Saída da praza Ferrerías ata a Subdelegación do Goberno
VILAGARCÍA	1 Maio	12:00	<b>Manifestación.</b> Saída da praza Ravella
		10:30	Ofrenda floral en homenaxe a José Rábade no cemiterio
LUGO	1 Maio	12:30	<b>Manifestación.</b> Saída de Ronda da Muralla (Edif. Sindical) ata a Subdelegación do Goberno
		12:00	Manifestación. Saída Casa Sindical ate a praza Fontenova.
VIVEIRO	1 Maio	11:00	Ofrenda floral no monolito de Pablo Iglesias no Cantón
FERROL	1 Maio	12:00	<b>Manifestación.</b> Saída de Porta Novoa no Inferniño ate a praza de Galicia, fronte o Teatro Jofre.

dignas.

Os datos están aí. Aínda que a economía medra, Galicia segue sen recuperar emprego. Algo está fallando. O crecemento económico é evidente. O PIB xerado en Galicia no 2016 medrou, en relación ao 2007, previo ao estalido da crise, en 1.611 millóns de euros.

É evidente que o crecemento está a ser significativo pero non vai da man dunha mellora do emprego. De feito, entre o cuarto trimestre de 2007 e o cuarto trimestre de 2016 perdéronse en Galicia máis de 146.000 ocupados. Galicia está entre as comunidades autónomas que máis emprego perde nestes anos, só superada por Estremadura e Valencia. O desemprego subiu neste mesmo período en 107.800 persoas, un 111,8 por cento máis.

Pero é que hai unha realidade aínda máis preocupante. A situación límite de moitas familias galegas a causa do paro de longa duración que se converteu xa nun elemento estrutural e que está a xerar situacións de pobreza e exclusión social.

## Os datos de paro de longa duración son desoladores

Os datos son desoladores. O paro de longa duración pasou de representar o 27,7 por cento no 2007 ao 58,2 por cento na actualidade.

Baixando un chanzo máis, analizando a situación das persoas que levan máis de dous anos e tres en situación de desemprego atopámonos con que no 2007 eran un total de 16.000 as persoas que estaban nesta situación e no 2016 esta cifra elévase a 88.000 persoas. Pero é que baixando un chanzo máis, aqueles que xa levan catro ou máis anos no paro, a cifra é de 49.100 persoas, o que supón que a cuarta parte das persoas no desemprego en Galicia levan catro ou máis anos nesta situación.

Xa son moitas as persoas, con familias detrás, que non conseguen escapar da lacra do desemprego e a realidade evidencia que canto máis tempo nesta situación máis difícil é saír da mesma.

É evidente que os mecanismos articulados pola Xunta en materia de emprego non funcionan. Urxe que a Administración galega poña enriba da mesa todas as medidas necesarias

para romper o círculo vicioso do desemprego que se instaurou no mercado laboral galego.

Pero é que, a pesar desta complexa realidade, a Xunta reduciu a dotación orzamentaria en políticas activas de emprego en máis de 137 millóns de euros dende o ano 2008. A este recorte de fondos hai que sumarlle o recorte en prestacións e o endurecemento no acceso ás mesmas, imposta polo Goberno central. De feito, en Galicia quedan fóra do sistema de protección 110.000 persoas en situación de desemprego. A día de hoxe a taxa de cobertura non supera os 52,7 puntos.

En cando á baixada da remuneración dos asalariados, dicir que ao desagregar o PIB en termos de renda atopámonos con que dende o cuarto trimestre de 2007 ata o terceiro trimestre de 2016 dáse unha perda de remuneración pasando do 46,7 por cento do PIB ao 43,4.

## As mulleres levan a peor parte

E, neste contexto, as mulleres seguen a levar a peor parte. A taxa de actividade das mulleres galegas está a cola do Estado; a taxa de temporalidade entre as mulleres galegas é case catro puntos superior á dos homes; a taxa de paro segue sendo superior a das mulleres, en 1,3 puntos, e tan só o 43,3 por cento das mulleres en paro perciben prestacións, fronte ao 56,7 por cento dos homes. E que dicir dos mozos que vense obrigados a abandonar Galicia na busca dun futuro mellor ante a falta de expectativas de cara ao seu futuro.

## Desigualdade e pobreza

E, todo isto, ten unhas consecuencias dramáticas, as desigualdades, a pobreza e o aumento progresivo da exclusión social, afectando a máis do 22 por cento da poboación. E isto xa nono din só os sindicatos, o din tamén o FMI, a Comisión Europea e a OCDE.

Mentres a economía medra a maioría da poboación, a clase traballadora, segue sumida nunha profunda crise económica, de emprego e de expectativas.

O secretario xeral de UGT e Galicia denunciou que “véndennos unha situación de bonanza que as familias non perciben. Esta situación non é

sostible e non é xusta. Chegou o momento no que os traballadores deben beneficiarse do crecemento económico con máis e mellor emprego”.

## Demandas

Para isto, UGT demanda:

A derogación das reformas laborais que veñen de instalar a precariedade como norma de contratación e que só fomentaron a desigualdade e a perda de dereitos.

É preciso poñer en marcha un plan de choque polo emprego con recursos.

É imprescindible devolver o equilibrio de forzas na negociación colectiva, para que os sindicatos e empresarios poidamos negociar en igualdade de condicións.

Reformar o sistema de prestacións por desemprego para facer que chegue a todas as persoas en situación de desemprego;

Esiximos un SMI suficiente e estable, chegando aos 1.000 euros a finais da lexislatura.

Demandamos unha Lei de igualdade salarial.

Tamén é urxente derogar a reforma das pensións de 2013. As pensións teñen que subir por riba do IPC.

Hai que acometer unha reforma fiscal integral que consiga máis ingresos e reparta mellor os esforzos, así como, loitar contra a fraude fiscal.

É preciso poñer en marcha unha prestación de ingresos mínimos para todas aquelas persoas que querendo traballar non poden facelo.

Urxe tamén a recuperación progresiva do gasto en sanidade, educación, protección social e axuda á dependencia e poñer en marcha un Plan Estratégico para a Industria.

José Antonio Gómez concluíu que todo isto pode facerse e que xa non hai excusas. Aínda que, sen embargo, tanto os orzamentos xerais do Estado como os de Galicia para o 2017 non van nesta liña, senón que insisten nas receitas fracasadas do pasado. Neste senso, ambos sindicatos consideran que a etapa dos recortes e a precariedade laboral ten que rematar xa.

## TEMOS QUE PASAR #ALAOFENSIVA E RECUPERAR OS DEREITOS PERDIDOS

**Redacción.**- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que "as melloras para os traballadores do noso país van vir da man do sindicato. O instrumento máis importante para os traballadores é o sindicato. Se non hai sindicato non hai dereitos. Temos que traballar polo sindicato, porque esa vai ser a garantía de que pasemos á ofensiva e de que recuperemos os dereitos perdidos estes últimos anos".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións durante a clausura da Asemblea Confederal Consultiva de UGT, onde sinalou que "todos temos que ter argumentos para defendemos ante os ataques que sufrimos nos últimos anos. Síntome orgulloso de estar nun sindicato onde todos defenden a todos os traballadores. Esta é a nosa grandeza".

"Hai que defender os dereitos de todas e todas" e, neste sentido, enumerou os temas que máis preocupan á organización e que se fixeron patentes nas preguntas que formularon de maneira aberta os delegados:

**Seguridade Social.** "Se hai algún sindicato que fala clarito en relación a este tema é UGT. Este sindicato non quere que rompa o sistema, nin a caixa única nin de onde cobran as persoas que teñen dereito a cobrar unha pensión".

Ademais, manifestou que "non imos chegar a ningún acordo que conteña máis recortes. Queremos que se acabe coas subvencións á contratación que non serven para nada; que os gastos da Seguridade Social páganse con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado (PXE) como o resto da Administración; e que se destopen as bases máximas de cotización, que o noso país sitúa en 40.000 euros e que Francia ten en 100.000 euros. Isto acabaría co déficit do sistema".

Neste sentido, considerou que "á Seguridade Social ténselle que dirixir uns impostos de maneira directa, que o Fondo de Reserva acumule máis recursos e que para modificar o Pacto de Toledo non se teña en conta só a unha maioría absoluta, senón que pase polo Parlamento e que pasen dúas lexislaturas, polo menos, para que se cambien as normas de pensións no noso país. Hai que blindar a Seguridade Social das maiorías absolutas".

Ademais, sinalou que a patronal "di que paga moito de Seguridade Social, pero os custos unitarios de traballo, incluídos os custos sociais, están un 25-35% por baixo dos custos da UE. A cota empresarial á Seguridade Social é salario diferido, forma parte do noso salario, que non vaian por ese camiño que non nos van a atopar".



**Salarios.** Pepe Álvarez afirmou que "é un tema de máxima importancia, pero non imos chegar a un acordo a calquera prezo. Cando falabamos de aumentos do 4% dicían que estabamos tolos, logo expomos subidas de entre o 1,8% e o 3% e tampouco querían, pero xa están a ceder. Queremos falar doutros temas, como da retroactividade ou das mutuas".

En calquera caso, considerou que "se hai algunha posibilidade de ter acordos en materia de pensións ou salarios, a Comisión Executiva Confederal (CEC), antes de convocar ao Comité Confederal, levará a consulta a proposta, pasará a votación entre os delegados e delegadas e logo iremos ao Comité. Se queremos aprobar calquera cousa débese discutir e informar a todos. Hai que falar coa xente".

**Mozos.** O secretario xeral de UGT manifestou que no sindicato "non estamos tan mal de mozos. Hai que aumentar a cota de mozas. Temos que procurar que este colectivo se sinta plenamente identificado coas políticas do sindicato. As empresas con subcontratas, basicamente cheas de mozas, con condicións de esclavitude, hai que denuncialas. Os mozos perciben ao sindicato na empresa e temos que estar presentes alí. Hai que traballar e pelexar pola mocidade. Hai que organizalos nas Unións de Comunidade Autónoma. O sindicato non pode vivir sen os seus mozos".

**Igualdade.** En relación a este tema, sinalou que "desde a CEC imos tentar que en todas as organizacións do sindicato elixanse nas listas dos comités de empresa a unha persoa especializada en igualdade. Temos que facer unha rede de axentes pola igualdade, para conseguir que profundemos nos elementos das empresas que discriminan".

**Servizos públicos.** Pepe Álvarez afirmou que "os que defenden a súa privatización dicímonlles que estas privatizacións non se fixeron en beneficio dos clientes nin dos traballadores, senón ao peto duns cantos corruptos e chourizos deste país. Estes servizos funcionan mellor cun sistema público, sen privatizar".

**Saúde Laboral.** "A crise fai esquecer que as persoas se morren por falta de mecanismos de protección no traballo. A maneira de traballar está a xerar enfermidades para moitos traballadores do noso país. Temos que dar unha dimensión prioritaria a estes temas na acción sindical para levalos aos convenios colectivos. Dicirle ao PP que se tocan os recursos da Fundación de Prevención de Riscos Laborais non nos imos a calar e imos expor unha loita sen cuartel para conseguir que o noso país sexa decente en materia de saúde laboral".

**Folga xeral.** En relación a esta cuestión, o secretario xeral de UGT considerou que "o noso obxectivo nunca foi a folga xeral. Teñen que derrogar a Lei Mordaza e o artigo 315.3 do Código penal. Se hai unha maioría que quere liberdade isto tense que derrogar, porque tanto a lei como o artigo impiden que haxa liberdade".

**Reforma laboral.** "Entre xaneiro e febreiro, para consolidar 48 altas na Seguridade Social tiveron que facerse no noso país 1,7 millóns de contratos. Iso ten unha orixe determinada que é a reforma laboral. Habería que derrogala só por iso. Pero, ademais, trouxo consigo un enorme volume de parcialidade involuntaria, favoreceu a aparición das empresas multiservizos que desregulan as condicións dos traballadores e dos ERE colectivos sen ningún tipo de condición".

"Por todo iso, temos que loitar desde o sindicato", afirmou Pepe Álvarez. "neste ano de xestión, a pesar de que logramos facer moitas cousas, estou moi insatisfeito. Hai moitas cousas máis que facer das que fixemos. UGT necesita traballar máis e máis rápido. Calquera dirección do sindicato, na súa valoración da súa xestión, ten que ver o que non fixo e o que queda por facer. Non hai moito tempo porque a xente non pode esperar a que liquidemos os seus problemas, necesitan ao sindicato á beira. Hai que ser críticos e moi humildes, entendendo á xente. En calquera caso, este sindicato ten que estar orgulloso de cambiar as prácticas deste país nos últimos anos mentres outros miran para outro lado".

## UGT CONMEMORA HOXE EN GALICIA CON DIVERSOS ACTOS O DÍA INTERNACIONAL DA SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO

O SINDICATO DENUNCIA QUE GALICIA ESTÁ Á CABEZA NOS ÍNDICES DE INCIDENCIA DE SINISTRALIDADE MORTAL E QUE AS MULLERES SOFREN MÁIS ENFERMIDADES PROFESIONAIS, A PESAR DE TER MENOS PESO NO MERCADO LABORAL

**Redacción.-** Un ano máis, este 28 de abril, convértese nunha data na que os sindicatos van alzar a súa voz en lembranza e recoñecemento público de todos os traballadores falecidos ou vítimas dunha enfermidade por causas laborais. Esta data tamén serve para denunciar e poñer en evidencia que os danos derivados do traballo son evitables e que tanto as empresas como as administracións teñen grandes responsabilidades nesta materia. Este ano esta data UGT a celebra baixo o lema “A discriminación dánanos a todas as persoas”.

Dende UGT-Galicia denúnciase que, 21 anos despois da publicación da Lei de prevención de riscos laborais, conséntase que gran parte dos seus obxectivos están aínda pendentes. Esta situación de incumprimentos agudizouse polas políticas de axuste impostas polos gobernos do PP en Madrid e en Galicia, sobre todo, pola reforma laboral.

De feito, dende a imposición desta Reforma no ano 2012 rompeuse a tendencia á baixa na redución xeneralizada da sinistralidade que se viña rexistrando dende o ano 2000. Existe un discurso oficial que intenta vincular esta suba á recuperación da actividade económica e do emprego pero que UGT rexeita porque tamén se produciron incrementos significativos dos índices de incidencia que expresan a sinistralidade en correlación ao número total de asalariados, é dicir, o número de accidentes por cada 100.000 traballadores. Así, a variable sinistralidade estaría compensada coa poboación traballadora e non se podería falar de se inflúe máis ou menos a mesma.

Galicia finalizou o ano 2016 sendo a primeira comunidade do Estado en sinistralidade laboral mortal cun índice de incidencia de 7,27 traballadores falecidos por cada 100.000 asalariados, duplicando a media do Estado que foi de 3,27. Pero é que en provincias como Lugo este subiu ata o 14,79.


No que vai de ano, os dous primeiros meses de 2017, xa que a Xunta non facilita máis datos, o índice de incidencia de accidentes mortais en Galicia foi de 0,448 traballadores por cada 100.000. Mentres que, de novo, a media do Estado está por debaixo, de 0,289.

Segundo os datos do ano 2016, en Galicia rexistráronse un total de 24.994 accidentes de traballo con baixa, dos que 57 foron mortais, 496 graves e 24.441 leves.

No relativo ao ano 2017, en Galicia a sinistralidade incrementouse nun 5,16 por cento nos dous primeiros meses do ano, respecto ao mesmo período do ano anterior, ao rexistrarse 4.015 accidentes leves, 52 graves e 7 mortais.

Á marxe dos datos analizados, existe un dato moi relevante, e que se reflicte no propio lema deste 28 de abril, “A discriminación dánanos a todas as persoas”, que é que as mulleres teñen maior probabilidade de sufrir unha enfermidade profesional.

Dende o ano 2013 conséntase que o número de partes comunicados relativos ás enfermidades profesionais con baixa sufridas por mulleres é superior en termos absolutos ás dos homes, a pesar de ter estes últimos índices de ocupación máis elevados. Isto é consecuencia de que as condicións de traballo nos sectores e actividades máis feminizados sufriron



con maior rigor os efectos da crise e das políticas de axuste. Isto, unido á falta de políticas eficaces en materia de igualdade de xénero e de conciliación nas empresas, contribúe á deterioración da saúde das traballadoras.

### 436 enfermidades con baixa no 2016 entre as mulleres

Así, no ano 2016 rexistráronse en Galicia un total de 436 enfermidades profesionais con baixa en mulleres, fronte ás 379 rexistradas no caso dos homes.

Estes datos reflicten un incremento dun 20,8 por cento no caso das mulleres en relación ao 2015, ano no que se rexistraron 361 enfermidades profesionais con baixa en mulleres en Galicia.

Tamén no caso dos homes o incremento foi moi significativo, dun 21 por cento, ao pasar de 313 no 2015 aos 379 de 2016.

Resulta moi destacable o que acontece no sector servizos, claramente feminizado. Neste sector o número de enfermidades profesionais con baixa medra progresivamente entre as mulleres. No 2013 rexistráronse 190, 231 no 2014, 224 no 2015 e subiu ás 270 no 2016. Isto fronte ás rexistradas entre os homes, 47 no 2013, 61 no 2014, 71 no 2015 e 67 no 2016.

UGT-Galicia xa leva tempo advertindo da gran lacra que supón para o mercado laboral galego os índices que presenta de sinistralidade. Unha barreira que, ano tras ano, parece non poder salvarse. Pero dende o Sindicato insístese en que si é unha barreira salvable e, cando menos, a curto prazo mellorable. Hai lexislación, hai medidas e medios que se poden implementar, o que falta é vontade por parte dos empresarios e da Xunta para poñerlle fin xa a esta lacra.

## Graves consecuencias por unha mala xestión

Para UGT-Galicia, a prevención de riscos laborais e a seguridade e saúde no traballo son aspectos de extrema importancia na sociedade e unha mala xestión trae da man consecuencias moi graves, ás veces irreparables, para os afectados, as súas familias e a sociedade en xeral.

Neste contexto e no marco da conmemoración do 28 de abril, Día internacional da saúde e seguridade no traballo, UGT-Galicia reafírmase na idea de que para mellorar a prevención de riscos e reducir os danos á saúde producidos polo traballo é necesario acabar coas desigualdades e para lograr este obxectivo ponse:

Derrogar as normas que impiden que todos os colectivos teñan o mesmo grao de protección da súa saúde, en particular as reformas laborais que estenderon a precariedade,

ORGANISMO	LOCALIDADE	DATA E HORA	TIPO DE ACTO CONVOCADO	DIRECCION DE CELEBRACION	CONVOCA
UGT-CORUÑA E CEE	A CORUÑA	28/04 12:00	CONCENTRACIÓN DIANTE CONFEDERACIÓN EMPRESARIOS	PZA. LUIS SEOANE	UGT E CCOO
UGT-LUGO	LUGO	28/04 12:00	CONCENTRACIÓN DIANTE INSPECCIÓN MÉDICA	MONTEVIDEO 9	UGT E CCOO
UGT OURENSE-VERIN	OURENSE	28/04 12:00	CONCENTRACIÓN DIANTE DELEGACIÓN XUNTA DE GALICIA	AVD. HABANA	UGT E CCOO
UGT-PONTEVEDRA-AROUSA	PONTEVEDRA	28/04 12:00	CONCENTRACIÓN DIANTE DA SEDE UGT	PASANTERÍA, 1	UGT
UGT-VIGO	VIGO	28/04 10.15	XORNADAS TRASTORNOS MUSCULOESQUELÉTICOS E RISCOS PSICOSOCIAIS	SEDE UGT VIGO. R/GARCÍA BARBÓN 67	UGT
		28/04 11.15	RODA DE PRENSA CONXUNTA CCOO E UGT DO 28 E 1 DE MAIO	SEDE UGT VIGO	UGT E CCOO
		28/04 12:00	CONCENTRACIÓN DELEGACION XUNTA DE GALICIA	RÚA CONCEPCIÓN ARENAL 8	UGT E CCOO
UGT-FERROL	FERROL	28/04 11:00	CONCENTRACIÓN (EDIFICIO DA XUNTA DE GALICIA)	PRAZA CAMILO JOSÉ CELA	UGT E CCOO
		28/04 11:30	XORNADA SOBRE DISCRIMINACIÓN NO TRABALLO E SOBRE O AMIANTO	SEDE UGT-FERROL	UGT

instalando o medo a perder o emprego, individualizando as relacións laborais, dificultando o exercicio efectivo de dereitos e profundando na desigualdade.

Reverter a reforma do marco xurídico das Mutuas que supuxo un recorte nos dereitos de traballadoras e traballadores e que só serviu para que estas invadisen competencias dos servizos públicos, privatizando a xestión de actividades que deberían ser exclusivas da Seguridade Social.

Intensificar as políticas activas en materia de prevención dotando cos suficientes medios económicos e humanos aos organismos técnicos como o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene en Traballo.

Reforzar os mecanismos de control do cumprimento da lexislación en materia de igualdade nas empresas e de loita contra a fraude laboral e a economía mergullada.

## Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020

Desenvolvemento da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020 e da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2015-2020, facendo especial fincapé en todas as cuestións re-

lacionadas coas enfermidades de orixe laboral.

No marco da empresa, a incorporación da perspectiva de xénero na actividade preventiva. Ao mesmo tempo, é preciso que se recuperen os investimentos en prevención e a centralidade da negociación colectiva nas relacións laborais. A negociación colectiva está estreitamente ligada á presenza de sindicatos nos centros de traballo, o que constitúe a mellor garantía para o exercicio de dereitos e para a protección da saúde.

O establecemento da figura do delegado de prevención territorial ou sectorial, xa que no conxunto do Estado existen máis dun millón de empresas con menos de 6 traballadores, das cales máis de 62.000 atópanse en Galicia, nas que traballan dous millóns de persoas que non teñen dereito a elixir un delegado de persoal. O obxectivo sería asegurar o exercicio ao dereito á saúde e á seguridade e os niveis de protección a estes traballadores nos mesmos termos que no resto das empresas.

Incrementar a vixilancia e control das actuacións en materia de prevención de riscos laborais por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A recuperación dos investimentos públicos en materia de prevención de riscos laborais.

## GALICIA, A TERCEIRA COMUNIDADE NA QUE MÁIS MEDRA O DESEMPREGO

**Redacción-** UGT-Galicia fai unha lectura moi negativa dos datos da EPA facilitados este xoves que amosan unha suba moi significativa do desemprego en Galicia no primeiro trimestre do ano, moi por riba do que sucede no resto do Estado; un mercado laboral cada vez máis contraído; altos niveis de precariedade nas familias, xa que xa son moitas as que teñen a todos os seus membros no paro e as que non perciben prestacións; un alto nivel de rotación na contratación; unha taxa de parcialidade involuntaria moi elevada; e, de novo, a lacra do paro de longa duración que persiste e xa é un elemento estrutural do mercado laboral galego.

Non fan falta moitos máis datos para constatar que algo segue a fallar no mercado laboral galego e que chegou o momento de que a Xunta active todas as medidas necesarias para garantir unha recuperación do emprego en Galicia real e efectiva, que permita ás familias galegas chegar ao tren da recuperación e non quedar como meras espectadoras.

O único xeito de garantir unha recuperación económica real, efectiva, xusta e duradeira é que o conxunto da cidadanía sexa protagonista da mesma e, para iso, urxe mellorar garantir a creación de emprego suficiente, pero emprego estable con condicións laborais e salarios dignos para todos.

Serán moitas as vías que as administracións terán que abrir para axilizar o camiño da creación de emprego digno para todos pero, xa nun principio, urxe a derogación das reformas laborais, que tanto dano están facendo, favorecendo empregos e salarios de escasa calidade e dereitos. Tamén urxe revisar os criterios de acceso a programas como o PAE que só deron cobertura a unha cuarta parte dos posibles beneficiarios.

A protección social debe garantirse mellorando a cobertura e reforzando as prestacións por desemprego. E, acompañando esta medida, é fundamental potenciar as políticas activas de emprego desde a Xunta, marcadas polos criterios de austeridade nestes anos e para as que nos orzamentos de 2017 destínanse 209 millóns de euros, cantidade moi afastada dos 378 millóns de euros do ano 2008, antes da crise.

Estas políticas non poden estar orientadas só ás bonificacións á contratación, hai que poñer en marcha medidas de creación de emprego con recursos adicionais para os servizos públicos de emprego que melloren a empregabilidade e a formación, e



lograr así a inserción permanente dos desempregados. Todo isto, acompañado dunha revisión das súas políticas no eido industrial que ata o momento non están garantindo unha recuperación real dun sector clave porque deixar o crecemento só en mans do sector servizos non garantizará que se cree emprego suficiente.

Entrando nunha análise dos datos facilitados este xoves, apréciase que en Galicia no primeiro trimestre do ano cae a ocupación nun 1,52 por cento, 15.900 ocupados menos, dun xeito máis acusado que no resto do Estado onde a baixada foi do 0,38 por cento. En relación a hai un ano, a ocupación medra nun 1,23 por cento en Galicia pero nun 2,27 por cento no resto do Estado.

Así, as cifras de ocupación en Galicia sitúanse en 1.033.600 persoas, cunha taxa do 44 por cento, aínda moi afastada dos valores previos á crise, superiores ao 50 por cento.

O paro medra no trimestre en Galicia en 12.900 persoas, un 6,33 por cento, moi por riba do 0,41 por cento estatal. De feito, Galicia é a terceira autonomía que experimenta un maior aumento en termos absolutos do desemprego. Galicia queda así con 217.100 persoas en situación de desemprego e o Estado con 4.255.000.

Outro dato certamente preocupante é a progresiva diminución da poboación de 16 ou máis anos. 3.800 menos persoas no ano, deles 2.200 menores de 25 anos, o que evidencia que cada vez hai menos poboación en idade de traballar e, polo tanto, un mercado laboral máis contraído.

Baixando á realidade das familias galegas, as estatísticas amosan unha realidade, cando menos, preocupante. 73.900 son os fogares galegos con todos os seus activos no paro e 36.800 os que xa non perciben ingresos. En relación ao terceiro trimestre de 2009 ambas variables medran, e moito, nun 65 por cento no primeiro caso e nun 87 por cento no segundo. Detrás disto escóndense moitas dificultades de moitas familias

para saír adiante, con situacións próximas a limiar da pobreza e exclusión social.

Unha análise por sectores indica que a ocupación cae en todos, especialmente na construción, cunha baixada do 5,7 por cento, 4.000 ocupados menos. Nos servizos pérdense 10.000 ocupados, aínda que en termos relativos esta baixada é do 1,4 por cento. En relación ao mesmo trimestre de 2016, a ocupación recupérase en todos, salvo na construción, cunha diminución do 9,8 por cento, 7.200 ocupados menos.

Así, a taxa de paro queda en Galicia no 17,4 por cento pero elévase ata o 35,5 por cento no caso dos máis mozos, os menores de 25 anos.

Caen os asalariados no trimestre nun 2,91 por cento, 24.100, en maior medida aínda que o total da ocupación. En termos interanuais caen os asalariados con contratos indefinidos, nun 0,65 por cento, e medran os temporais nun 3,71 por cento.

De feito, dende UGT-Galicia alértase que a taxa de temporalidade volve a valores elevadísimos, do 25,8 por cento, aínda por riba das cifras de hai un ano.

O maior movemento das cifras de asalariados con contratos temporal que con contrato indefinido, tanto no trimestre como en termos interanuais, evidencian os altos niveis de rotación existentes no mercado laboral galego

O emprego a tempo parcial segue a ser elevado e maioritariamente involuntario. A taxa de parcialidade involuntaria é xa do 62,6 %. E, do total dos ocupados, un 14 por cento o son con xornadas a tempo parcial.

Finalmente, hai que analizar outra das grandes lacras do mercado laboral galego, o paro de longa duración, un problema xa estrutural nesta Comunidade. 119.300 desempregados levan máis dun ano buscando emprego e, deles, 103.000, a maioría, xa levan dous ou máis anos na procura dun posto de traballo.

## UGT ASINA O CONVENIO COLECTIVO DE HOSTALERÍA DA CORUÑA

**O novo convenio establece a obrigatoriedade do rexistro de xornada, así se poderán controlar mellor as horas extra, trátase de poñer coto ao traballo en negro que se realiza nalgunhas empresas do sector**

**Redacción.-** Despois dun ano de negociacións, o 24 de abril alcanzouse un acordo para o sector da hostalería da Provincia de A Coruña entre a maioría da patronal e a maioría da parte social (CCOO e UGT). Este convenio afecta a máis de 20.000 persoas, a maioría mulleres.

UGT valora positivamente o acordo adoptado, o cal abre novas melloras para os traballadores do sector como son:

O convenio recolle un aumento salarial no 2017 do 1,5% con revisión do IPC de 2017, e para o 2018 un aumento do 2% con revisión do IPC de 2018.

Manterá a súa vixencia dous anos máis do que estableza a lexislación, o que dota de estabilidade ao sector.

O novo convenio establece a obrigatoriedade do rexistro de xornada para todo o

persoal polo que as empresas do sector non estarán exentas de facelo para o persoal a tempo completo. Así se poderán controlar mellor os horarios e as horas extra. Trátase de poñer coto ao traballo en negro que se realiza nalgunhas empresas.

Os delegados sindicais terán acceso a este rexistro da xornada, dotando de maior axilidade e facilidade á hora de obrigar ás empresas a que cumpran coas súas obrigacións.

Recóllese tamén como dereito poder cambiar a quenda entre compañeiros comunicándoo con 24 horas de antelación, de maneira que as empresas non poidan denegalo.

A entrada en vigor do acordo farase



efectiva unha vez salga publicado no Boletín Oficial da Provincia, cuxo trámite de publicación encomendouse ao Consello Gallego de Relacións Laborais, como parte obxectiva.

## PREACORDO EN PESCANOVA

**Pendente de ratificación en asemblea polos traballadores**

**Redacción.-** O preacordo sobre os convenios colectivos das plantas de Nova Pescanova, alcanzado este xoves polos sindicatos e a dirección do grupo, establece unha vixencia de cinco anos –entre 2016 e 2020– e inclúe a creación dunha cuarta quenda de traballo e subidas salariais de entre o 1 e o 1,5% por cento –cun 0,25% adicional por ano se se cumpre o Ebitda–.

En concreto, tal e como consta no acta de preacordo marco, as subidas salariais serán do 1% consolidable para 2016, 1,25% para 2017 e 2018 e 1,5% para 2019 e 2020 –cun 0,25% adicional ata 2018 se se cumpre o Ebitda–. A antigüidade, pola súa banda, negociárase nos respectivos convenios dos centros de traballo.

Ademais, acordouse crear unha cuarta quenda, que traballará a tempo completo ou parcial incluídos sábados, domingos e festivos –cun plus por domingos e festivos–. Neste marco, respectarase a xornada do persoal actual, que en todo caso poderá pedir voluntariamente acceder á cuarta quenda.

Con isto, a empresa comprométese a reducir «ao mínimo» a contratación a través de ETTs. En canto aos novos contratados, acordáronse unhas táboas para to-

dos os centros, de forma que os grupos profesionais terán catro tramos polos que os traballadores poderán subir de categoría ao primeiro, terceiro e sexto ano desde a súa contratación. Para iso, desenvolveuse un plan formativo que permitirá a evolución profesional dos empregados.

Este preacordo alcanzouse tras seis reunións coa mediación, que arrincaron o pasado 29 de marzo despois dunha negociación que durou varios meses.

Os sindicatos levarán o documento a unha asemblea que se celebrará este sábado –nun lugar aínda por determinar, que será en Chapela ou Redondela– para somelo a votación. Unha vez ratificado pola parte social, o convenio marco converterase nun acordo cuxos puntos se engadirán aos convenios colectivos, cuxa negociación deberá desenvolverse en cada un dos centros de traballo afectados polo mesmo.

Dende FICA valoran de xeito positivo o acordo aínda que tamén recoñecen que, para UGT, supón un 80 por cento do que se consideraba que debería fixarse neste novo acordo. Non obstante, como en todo proceso negociador, ás veces, hai que deixar algunha demanda polo camiño.



## Manifestación hoxe en Vigo en apoio aos compañeiros despedidos en Vego-supermercados

**Redacción.-** Vigo acollerá hoxe a partir das 11.00 horas unha manifestación en apoio aos compañeiros despedidos en Vego-supermercados.

A manifestación partirá do Eroski Center da Travesía de Vigo e rematará na central de Vego-supermercados.

Lembrar que xa hai semanas que se iniciou o calendario de mobilizacións para denunciar esta situación e que xa se sucederon numerosas concentracións ante varios supermercados da marca.

# A LEGALIZACIÓN DOS SINDICATOS ACELEROU O PROCESO DEMOCRÁTICO EN ESPAÑA

**Redacción.-** O Parlamento español aprobou o 1 de abril de 1977 a Lei reguladora do Dereito de Asociación Sindical, o 27 e 28 dese mesmo mes CCOO e UGT, respectivamente, rexistraron os seus estatutos e foron legalizados. A súa condición de 'organizacións legais' chegou con posterioridade á dos partidos políticos. Foron necesarios moitos e enormes sacrificios, con encarceramentos, despedimentos, folgas e un gran sentido de responsabilidade e tolerancia para avanzar cara á liberdade sindical plena.

As organizacións sindicais fomos legais porque loitamos para conquistar o dereito para selo. Nada nos regalaron.

A legalización dos sindicatos democráticos e de clase e a práctica desaparición do sindicalismo vertical activado pola ditadura, marcan a singularidade daquel momento histórico e a transcendencia dunha loita que, con frecuencia, se desvirtúa ou banaliza na actualidade.

UGT e CCOO afirman que a creación, desenvolvemento e consolidación do movemento sindical confederal foi un factor decisivo para o avance da transición democrática. A situación esixía intelixencia e firmeza para cumprir os nosos obxectivos. Tratábase de facer real nosa legalización,

pero tamén garantir unha democracia plena, sen exclusións.

Eran tempos de cambio nun país con fortes tensións políticas e sociais. Grupos económicos e políticos estreitamente vinculados ao vello aparello da ditadura intensificaron as súas operacións e provocacións para impedir a democracia en España.

A mobilización sindical tivo moito que ver co fracaso da involución, aínda que tivemos que pagar un alto prezo por iso. Houbo que actuar en todas as fronteas. Mobilizando, negociando e impulsando unha intensa actividade política e institucional para facer realidade a legalización. Como ben lembraron os principais líderes históricos de CCOO e UGT, Camacho e Redondo, naquel momento, "a legalización non é a liberdade sindical, pero si unha conquista importante no camiño cara a ela. Nada nos van a regalar, teremos que seguir presionando e negociando con enerxía, como fixemos sempre, agora coa vantaxe de actuar como organizacións legais e representativas das traballadoras e traballadores".

Corenta anos despois da legalización, as organizacións sindicais seguimos traballando e tivemos que loitar contra o in-



## TENTOUSE DESMONTAR ÁS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS PARA ANIQUILAR OS DEREITOS DOS TRABALLADORES

**Redacción.-** Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Ignacio Fernández Toxo, participaron no debate "Os sindicatos agora", organizado pola Universidade Complutense de Madrid no marco dos Encuentros Complutense.

Na súa intervención, Pepe Álvarez destacou que "afortunadamente desde o momento no que se crearon os sindicatos ata agora, a sociedade é moitísimo máis rica. Pero nos últimos anos houbo un intento de aniquilar a capacidade de resposta dos sindicatos e dividir á sociedade para debilitar a oposición".

"Houbo un intento de confrontar aos sindicatos coas mareas ou os movementos ecoloxistas, por exemplo, cando a realidade é que son correntes complementarias coas que temos que sumar forzas. De feito, en moitas ocasións somos os mesmos, porque os nosos delegados forman parte das mareas e formamos parte dun común" subliñou.

Álvarez explicou que hai un intento de dividir os diferentes movementos sociais para que, por separado, teñan menos forza pero "nós non imos confrontar. Temos que fusionarnos e poder camiñar e avanzar xuntos".

"Quíxose trasladar á sociedade que os sindicatos somos máis débiles pero o certo é que as nosas organizacións no centro de traballo continúan sendo organizacións fortes e moi representativas, con persoas moi respectadas. O que ocorre é que para facer o atraco que se fixo aos dereitos dos traballadores e cidadáns facía falta desmontar ás organizacións sindicais que contribuímos a construír eses dereitos" engadiu.

O secretario xeral de UGT manifestou que ademais do intento de debilitar a imaxe dos sindicatos, tamén se tratou de debilitar ás organizacións sindicais baleirando a negociación colectiva e creando un modelo de relacións laborais que favoreza aos empresarios.

tento de debilitarnos e confrontamos con outros, de ver como se tentaba trasladar á sociedade unha imaxe de perda de fortaleza do movemento sindical. E, para iso, valéronse de instrumentos como a reforma laboral, que recortou a negociación colectiva e favoreceu o desequilibrio das relacións laborais en favor dos empresarios.

Con todo, UGT e CCOO vencemos obstáculos e demostramos que somos organizacións fortes e moi representativas nas empresas e que somos o baluarte e a garantía dos dereitos e liberdades democráticas das e os traballadoras e traballadores.



"Se non se cambia a política, isto non vai cambiar. A reforma laboral permitiulles retributar salarios e condicións de traballo indo aos convenios de empresa. Algo que afectou moito aos mozos, mulleres, migrantes ou persoas maiores. Isto hai que resolvelo".

"Neste sentido, hai unha certa responsabilidade sindical, pero diso a pensar que estivemos á marxe hai unha gran distancia. Temos que volver atoparnos coa xente para poder protexer os seus dereitos, nunhas condicións que son letais para os traballadores. Hai que ir a por os nosos dereitos de maneira decidida porque o Goberno non vai protexernos", finalizou.